

ANUNCIO
CONTRATACION LABORAL TEMPORAL

Posto:

1 Técnico Dinamizador sociocultural para a zona rural. Período de 6 meses. equiparado a un C1 dos Grupos de funcionarios.

PLAN PROVINCIAL UNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018-PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO

- O contrato realizarásela pola modalidade de contrato por **obra ou servizo determinado (RD 2720/1998)**:

- As funcións obxecto do contrato serán:

- A realización de actividades de carácter socio-cultural dirixidas a persoas da terceira idade que residen no meio rural.

- Colaborar e xestionar a organización das actividades de ocio municipais da programación anual do Concello que se desenvolvan no ámbito rural.

- Elaboración dunha base de datos das asociacións das parroquias.

- En xeral, aquelas outras que deriven do seu posto de traballo en función das directrices dos seus superiores.

- As retribucións mensuais íntegras serán s/convenio.

As persoas a contratar a través deste programa producirán novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior o 50% da xornada.

REQUISITOS.-

* **Xerais:** Cumprir os requisitos de nacionalidade, idade e capacidade funcional previstos nos artigos 56 e ss. do Estatuto Básico do Empregado Público (aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro, BOE do 31/10/2015).

* **Específicos:** Titulación de Bacharelato Superior, FP II, semellante ou superior.

Ademáis deberá estar en posesión de calquera das seguintes titulacións, diplomas ou certificados: **Monitor/a de Ocio e Tempo Libre, Animación Sociocultural, Técnico/a de Animación Sociocultural ou Técnico/a de dinamización comunitaria.**

- **Estar en posesión do permiso de conducir tipo B**

Criterios de Selección:

A) Proba de coñecementos: Consistirá nun exercicio tipo test de 20 preguntas que versará sobre aspectos xerais de Administración Local e de procedemento administrativo así como sobre coñecementos específicos relacionados coas funcións e tarefas a desenvolver neste posto.

O tempo máximo para realizar esta proba será de 40 minutos. Cada resposta acertada terá un valor de 0,50 puntos.

Cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superar este exercicio obter como mínimo 5 puntos.

Por cada dúas respostas incorrectas (mal contestadas) descontarase unha.

As respostas en branco ou non contestadas non descontarán.

Este exercicio é obrigatorio e eliminatorio.

A) Parte Xeral:

1. Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases de Réxime Local.
2. Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

B) Parte especial:

1. Animación sociocultural: Concepto, obxectivos, funcións, modalidades, relación con conceptos afíns. Animación cultural en equipo. Planificación do traballo, equipo de traballo. Conduta do equipo.
- 2.-A intervención en animación cultural. Momentos do proceso de intervención. Dinamización sociocultural. O Animador sociocultural: A súa formación e modos de actuación.
- 3.-A infraestrutura para a práctica da animación sociocultural no Concello de Ribadeo. Instalacións, espazos e equipamentos.
4. Coñecemento do tecido económico e social e da distribución das parroquias do Concello de Ribadeo.

2.- Exercicio de idioma galego. Máximo 1 punto.

De carácter obrigatorio e non eliminatorio.

Consistirá na tradución directa do castelán ao galego dun texto proposto polo órgano de selección inmediatamente antes de celebrarse o exercicio, nun tempo máximo de 10 minutos, e sen axuda de diccionario.

Este exercicio cualificarase cun máximo de 1 punto.

***Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego Celga 4 ou superior que se valorará con 1 punto.**

3.- Méritos:

3.1 Por cursos directamente relacionados coa actividade a desenvolver no posto de

trabalho impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados.

- 1.a Cursos de máis de 100 horas.....0,75 puntos.
- 1.b Cursos de 71 a 100 horas.....0,50 puntos.
- 1.c Cursos de 41 a 70 horas..... 0,35 puntos.
- 1.d Cursos de 15 a 40 horas..... 0,20 puntos.
- 1.e Cursos de menos de 15 horas..... 0,10 puntos.
- 1.f Cursos, xornadas, etc. nos que non figure o número de horas.....0,05 puntos.

A puntuación máxima neste apartado será de 2 puntos.

3.2.-Experiencia profesional

Por servizos prestados para calquera Administración Pública como persoal funcionari@ de carreira ou interin@ ou contratad@ laboral fixo ou temporal e no que desenvolvan tarefas ou función propias do posto que se convoca:

0,05 puntos por cada mes completo de servizo acreditado debidamente co correspondente certificado da Entidade ou Administración Pública.....**máximo 1 punto.**

ORGANO DE SELECCIÓN:

Presidente: Dona Mónica Barcia, Axente de Emprego e de Desenvolvemento Local do Concello de Ribadeo.

Suplente: D^a Fiamma Prada Lens, Educadora familiar do Concello.

Vogais:

Titular: Mónica Fernández Lamparte, psicóloga dos Servizos Sociais do Concello de Ribadeo.

Suplente: D^a María Jesús Rañón Ríos, Bibliotecaria municipal.

Titular: Dona Verónica Fernández Pérez, Responsable da OMIX de Ribadeo.

Suplente: Luísa Couceiro Rodríguez, avogada do CIM de Ribadeo

Titular: D. Jose Luis Gegunde López, Traballador social do Concello.

Suplente: D. María Jesús Rañón Ríos, Bibliotecaria municipal.

Secretario con voz e sen voto: D. José Rodil Veiga, Técnico de Administración Xeral do Concello.

Suplente: D. José Antonio Carro Asorey, Secretario Xeral da Corporación Municipal.

O Organo de selección poderá contar con asesores na materia obxecto das probas para o desenvolvemento das mesmas.

DOCUMENTACION A PRESENTAR:

Impreso oficial de solicitude (que se facilitará nas oficinas Concello), DNI, xustificante dos requisitos esixidos para este posto (titulación/s, carnet/s, etc., segundo as esixencias da convocatoria), relación de méritos alegados e xustificante acreditativo suficiente de cada un dos mesmos (deberá aportarse contrato/s ou certificado/s dos servizos prestados, curso/s

realizado/s, xustificante do tempo de permanencia en desemprego, etc., segundo as esixencias da convocatoria).

Toda esta documentación deberá achegarse polos interesados en orixinais e copia para a súa compulsu ou copia xa compulsada.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES, PRAZO E DATA DAS PROBAS E DA SELECCION:

A documentación deberá presentarse **dende o día 15 de outubro de 2018 ata as 14 horas do día 24 de outubro de 2018** no Rexistro Xeral de Entrada de documentos do Concello.

Poderá presentarse tamén a través da sede electronica da entidade: www.ribadeo.gal, e se a documentación se presentase a través do rexistro doutra administración deberá comunicarse este extremo ao Concello por fax, correo electrónico ou directamente por escrito aos efectos de poder coñecer tal presentación.

Ao día seguinte publicarse a resolución coa lista de admitidos e excluídos no taboleiro de anuncios e/ou web municipal: www.ribadeo.gal

A proba ou probas de selección de persoal e a cualificación dos méritos realizarase o **día 29 de outubro de 2018 de a partir das 10,00 horas** na Casa do Concello, agás que por razóns técnicas ou doutra índole o Tribunal avaliador decida calquera modificación que será comunicada aos aspirantes.

PUBLICIDADE.-

As presentes bases e convocatoria publicaranse no tableiro de anuncios do Concello, sede electrónica da entidade: www.ribadeo.gal e web da Excm. Deputacion Provincial de Lugo: www.deputacionlugo.org

OUTRAS CUESTIONS.-

Os/as aspirantes que resulten seleccionados/as deberán pasar o recoñecemento médico procedente nos servizos de prevención deste Concello co fin de acreditar non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións.

Igualmente os/as aspirantes seleccionados/as, unha vez asinado o contrato correspondente, quedarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades nos termos establecidos pola Lei 53/1984, de 26 de decembro de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas e demais lexislación de aplicación.

Ribadeo, 28 de setembro de 2018.

O ALCALDE,

FERNANDO SUAREZ BARCIA.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE